

# CCOO cualifica de «enganoso» o anteproxecto de lei de emprego público

CCOO cualifica de «enganoso» o Anteproxecto de lei de emprego público de Galicia, que desenvolve no noso país o contido o Estatuto básico do empregado público (EBEP). Desde a Área Pública do sindicato denuncian a lentitude da Xunta, xa que o EBEP foi aprobado hai seis anos, en abril do 2007, e esixe unha «negociación real» para formular as súas alegacións.

O coordinador da Área Pública de CCOO, Ramiro Otero, critica que o anteproxecto, «como vén sendo habitual», nace rodeado dunha «escenificación propagandística» por parte da Xunta. Fronte ás promesas do Goberno galego de que se lograrán «modificacións substanciais» no emprego público, o sindicato denuncia que nin se prevé partida orzamentaria para acometer as reformas, nin se desenvolven as principais novidades do EBEP —carrera profesional horizontal, avaliación do desempeño e as retribucións, ligadas aos dous puntos anteriores—, de aí que Comisións lle reproche á Xunta que faga «propaganda» con esta cuestión.

CCOO tamén denuncia que a Xunta intente aproveitar esta lei



Na imaxe, unha mobilización de 2012 en defensa dos servizos públicos

para darlles «carácter estrutural» aos recortes aprobados en febreiro do ano pasado.

## Non cadran as cifras

Na campaña electoral, Feijóo prometeu funcionarizar o persoal laboral da Xunta, o que afectaría a case 6.000 persoas, segundo os datos do Goberno, unha cifra que coincide aproximadamente co número de persoal laboral fixo do momento. Porén, segundo Otero, «a realidade é moi distinta», xa que os postos afectados serán os ocupados por

persoal laboral fixo pero que se deberían cubrir con persoal funcionario. Tendo en conta que na lei se establecen cales son os reservados a persoal funcionario e os que pode desempeñar persoal laboral, o voceiro de CCOO afirma que «nin remotamente» se chegaría aos 6.000.

## Función directiva

Respecto da función directiva, CCOO lembra que o EBEP posibilita a súa creación nas Administracións públicas, pero como non é unha obriga, e considerando

«máis que suficiente» o sistema de provisión por libre designación, Comisións oponse á súa creación. O sindicato tampouco entende a aposta da Xunta por eliminar os órganos de coordinación da función pública, e considera un «desprezo ao dereito á negociación colectiva» que os responsables autonómicos aseguren que ese cometido xa se realiza nas mesas de negociación, que «non teñen nada que ver coa participación institucional dos sindicatos nos órganos de coordinación».

Un dos logros positivos do EBEP, que se reflicte nesta lei, é que afecta o conxunto das Administracións públicas de Galicia. Porén, CCOO non comparte a decisión de excluír o persoal docente das universidades. Canto á inclusión nesta lei da función pública das entidades locais, o sindicato considera «oportuno» que a norma autonómica faga a regulación básica, pero sen que iso signifique un retroceso nas marxes de negociación colectiva.

Por último, CCOO esixe un proceso de negociación «serio e co tempo necesario» sobre este anteproxecto.

## CCOO rexeita o peche de camas hospitalarias no verán

A Federación de Sanidade de CCOO de Galicia rexeita o peche de camas hospitalarias no verán. O sindicato considera que a decisión adoptada pola Xunta, sumada ao peche de quirófanos e ao recorte de contratación, terá efectos negativos nas listas de espera.

O secretario xeral de CCOO-Sanidade, Ángel Cameselle, lembra

que as listas de espera rexistradas se «disparan» tanto nas intervencións cirúrxicas como en probas diagnósticas. Neste sentido, considera que as medidas de aforro previstas son «un contrasentido» que unicamente procura beneficiar os intereses do sector privado, «na liña do apuntado na futura lei de garantías».

Cameselle tamén denuncia que

o Sergas xustifique o peche de camas baseándose nunha suposta «colaboración dos profesionais á hora de planificar», xa que «a inmensa maioría deles, así como a cidadanía en xeral, están rotundamente en contra desta medida». Precisamente, cunha planificación «adecuada» poderíase aproveitar o verán para reducir listas de espera, sinala o

**O sindicato denuncia que se pretende favorecer os intereses do sector privado**

voceiro de Comisións. «Cómpren plans de choque, non recortes sobre recortes. Faltan profesionais e sobran xestores incapaces», incide.